



Foto: Eduardo Castro Bal
(Olo de Vidro-ACAB) 2014

Na procura do encontro interrelixioso

Xoán López Facal

Victorino Pérez Prieto, doutor en teoloxía e filosofía, estudoso do pensamento interrelixioso e discípulo de Raimon Panikkar, ao cal dedicou unha tese doutoral, condensa nun libro de recente aparición¹ o resultado das súas indagacións e conviccións no diálogo teolóxico con outras tradicións espirituais.

Victorino exerce a galeguidade coa mesma devoción que a doutrina evanxélica. A súa dupla adscrición á “Asociación de Teólogos Juan XXIII” e á “Asociación de Escritores en Lingua Galega” é unha boa proba. Unha caneta galega ao servizo da renovación da experiencia relixiosa.

Como era de prever, o libro foi obxecto de condena inmediata, baixo a acusación de eclecticismo relixioso e panteísmo, por un medio tan ponderado como o diario dixital La Gaceta, do Grupo Intereconomía. O libro, obviamente, non é a lectura máis recomendábel para os comisarios das ortodoxias do poder.

O problema abordado por VPP é de innegábel actualidade. Contra a opinión estendida en Europa, as relixións non levan trazas de iren desaparecer de hoxe a mañá como prognosticaba o optimismo positivista, senón máis ben de propagarse e prosperar mundo adiante, a comezar polo Continente Americano. As identidades

relixiosas son propensas, como sabemos, a excitar fondas pulsións colectivas e a bendicir con xenerosidade movementos de odio étnico, conflitos culturais e resentimentos sociais que conducen non raramente ao terrorismo e ás guerras de exterminio. É esa razón polo que o gran teólogo suízo Hans Küng non deixa de insistir en que “*sen paz entre as relixións non haberá paz no mundo*”. Esta é a perspectiva da teoloxía do diálogo interrelixioso. A súa axenda non é congruente co proxecto ilustrado da “paz perpetua” enunciado por Kant en 1795.

A oposición frontal a calquera innovación teolóxica desencadeado desde os redutos da ortodoxia tradi-

La búsqueda de la armonía en la diversidad. El diálogo ecuménico e interreligioso desde el Concilio Vaticano II.
Victorino Pérez Prieto
Editorial Verbo Divino, 2014



cional non pode sorprenden. Mais aínda, resulta previsíbel. Todo pensamento reaccionario enraíza no desacougo e medo que suscita calquera desafío ás certezas e hábitos adquiridos. Por outra parte, a hermenéutica da investigación científica formulada por Thomas Kuhn en 1962, confirma que os paradigmas elaborados para explicar a realidade que observamos se van sucedendo, non sen resistencia, á medida en que o paradigma tradicional vai perdendo capacidade explicativa perante os novos datos e experiencias. O proceso de substitución do modelo xeocéntrico de Ptolomeo polo heliocéntrico de Nicolás Copérnico operada no século XVI é o exemplo paradigmático.

As sucesivas versións da mensaxe cristiá cadran ben no esquema de Kuhn. O primitivo paradigma hebraico-mesiánico das primeiras comunidades cristiás foi substituído polo de signo helénico-racional, para pasar despois ao gnóstico, tomístico-medieval, tridentino-contrarreformista, modernista e finalmente ecuménico, que foi o enunciado polo Concilio Vaticano II nos anos sesenta do pasado século. Como é natural, os vellos paradigmas néganse a morrer. Aí está o caso do paradigma contrarreformista, rehabilitado en España por Menéndez Pelayo e defendido até hoxe mesmo por Rouco Varela e os grupos de comunicación de signo integrista exemplificados en Intereconomía.

Victorio Pérez fundamenta o seu discurso no paradigma ecuménico conciliar como confirma o feito de dedicarlle a este máis de un terzo do seu libro. A partir del, e de tomar en

consideración o problema empantanoado do ecumenismo cristián que se dirime entre ortodoxos, católicos e evanxélicos así como as súas implicacións relativas á ordenación de mulleres (teoloxía feminista), o celibato sacerdotal e a opción polos marxinaos (teoloxía da liberación), Victorio Pérez procede a abordar o núcleo central da súa proposta: o diálogo comprometido e aberto á aceptación de transferencias doutrinarias e culturais desde as grandes tradicións relixiosas, a comezar polas relixións do libro (islámica e xudaica) e rematando polas tradicións espirituais do oriente asiático, o hinduísmo, o budismo e a tradición zen.

Non pode sorprenden a preferencia de Victorino Pérez polo exemplar maxisterio de Raimon Panikkar, esa fascinante personalidade xa desaparecida que comezou a súa vida adulta doutorándose en química para proseguir co estudo de filosofía en Alemaña, continuar coa ordenación sacerdotal nun Opus Dei emerxente e terminar mergullándose na espiritualidade hinduísta da súa estirpe paterna. Nos seus últimos anos, o Panikkar peregrino por todas as fontes de sabedoría espiritual terminou refuxiándose na experiencia mística do diálogo íntimo con laveh, Deus, Allah e Brahman, a maneira de centro unificado de iluminación espiritual.

Pérez Prieto reivindica tamén a experiencia cristiá-zen promovida pola teóloga Ana María Schlüter na súa comunidade "Zendo Betania", de Brihuega, Guadalajara: "nun val retirado...cerca da auga clara... lonxe dos centros de poder e de riqueza e dos que buscan a violencia e o dominio".

A evolución do paradigma teolóxico en perspectiva pacifista e pluricultural ten no libro de Victorino Pérez un manual sintético e informado, aberto á cultura do pacifismo comunitario e compatíbel, no caso de Victorino, coa plena vivencia da mensaxe cristiá.

Comprenderemos mellor a relevancia da perspectiva que defende Victorino Pérez se a comparamos coa traxectoria teolóxica e vital de Hans Küng. No último tomo das súas memorias², o *gran teólogo mundano* Hans Küng ofrece o relato das súas múltiples viaxes, debates e experiencias polo mundo adiante en procura dunha ética mundial para unha humanidade reconciliada.

O paradigma de Küng e Panikkar que comparte Pérez Prieto, harmoniza ben coa axenda de solidariedade mundial promovida polas múltiples ONG que laboran a prol da ética mundial, coa comunicación instantánea e global que promove a Rede e mesmo, ben pensado, coa perspectiva unificadora e inquietante do planeta Terra ofrecida polas cámaras instaladas nos satélites artificiais: a dunha exígua e solitaria bola azul que ninguén podería sospeitar ser a sede cósmica de campo de miseria e exterminio cando debería ser fogar de acollida da paz eterna formulada por Kant e do pensamento místico e fraternal das grandes tradicións espirituais.

¹ Victorino Pérez Prieto (2014): *La búsqueda de la armonía en la diversidad. El diálogo ecuménico e interreligioso desde el Concilio Vaticano II*, Editorial Verbo Divino.

² Hans Küng (2014): *Humanidad vivida*, Editorial Trotta, Madrid